

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

- 1788** *Real decreto 63/2015, do 6 de febreiro, polo que se modifican o Real decreto 862/1998, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Instituto de Toxicoloxía; o Real decreto 386/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos institutos de Medicina Legal e o Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.*

O Real decreto 862/1998, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Instituto de Toxicoloxía, así como os decretos anteriores, xustificaban a creación deste Instituto como un centro técnico en materia toxicolóxica, que unía á súa misión específica de auxiliar a Administración de xustiza a de informar a Administración pública en xeral e difundir os coñecementos en materia toxicolóxica.

Durante estes anos, o Instituto evolucionou nun dobre sentido. En primeiro lugar, o enorme desenvolvemento científico e técnico das ciencias forenses, tanto a nivel nacional como internacional, exige unha continua actualización do Instituto nestes aspectos para manter o seu estatus como centro de referencia nas materias que lle son propias.

En segundo lugar, ese posicionamento produciu unha sinerxía respecto á sociedade e aos poderes públicos, que reclaman unha maior colaboración deste centro noutros aspectos non estritamente xudiciais, xustificados con base no interese xeral, o que parece lóxico e desexable.

Como consecuencia, a estrutura do Instituto, deseñada hai catorce anos, maniféstase insuficiente para atender as necesidades dun centro que se debe modernizar tanto nos aspectos científicos e técnicos como nos organizativos e funcionais, de aí que se propoña a súa revisión.

Por un lado, preténdese reforzar a coordinación interna entre os departamentos e a delegación, así como realizar certas modificacións na organización dos departamentos para adaptalos á súa situación real, de aí que se suprimisen os servizos de Criminalística e de Información Toxicolóxica nos departamentos, coa excepción de Madrid, e as seccións, xa que na práctica nin uns nin outros estaban constituídos.

Por outro lado, e ao se ter detectado unha lagoa legal respecto ao destino do persoal que, ocupando con carácter definitivo postos de libre designación, tanto no Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses como nos institutos de Medicina Legal, cesan por calquera motivo, procédese a modificar o Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, para lles garantir un posto no departamento, delegación ou Instituto de Medicina Legal da localidade en que o viñan desempeñando.

Finalmente, inclúese unha modificación no Regulamento dos institutos de Medicina Legal, que permite a creación de dous institutos nas cidades de Ceuta e Melilla, para o que se prevé unha organización máis simple, dado o reducido ámbito territorial e competencial que terían.

Este real decreto recibiu o informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial e do Consello Fiscal e foron consultadas as comunidades autónomas afectadas e as asociacións sindicais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de febreiro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento do Instituto de Toxicoloxía, aprobado polo Real decreto 862/1998, do 8 de maio.*

O Regulamento do Instituto de Toxicoloxía, aprobado polo Real decreto 862/1998, do 8 de maio, respecto á estrutura organizativa da Dirección do Instituto, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase a alínea c) do artigo 2 e engádese unha nova alínea j), que quedarán redactadas nos seguintes termos:

«c) Realizar igualmente as análises e investigacións solicitadas polas administracións públicas, ou por calquera entidade pública ou privada en cuestións que afecten o interese xeral, nos supostos que se prevexan segundo instrucións do Ministerio de Xustiza ou nos termos dos acordos ou convenios realizados para o efecto.»

«j) Contribuír á formación continuada de médicos forenses, xuíces, fiscais, e secretarios xudiciais nas materias propias da súa competencia, así como das forzas e corpos de seguridade e outros organismos ou institucións, en virtude dos acordos e convenios que se establezan.»

Dous. Modifícase o artigo 3, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 3. *Estrutura.*

1. O Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses terá a súa sede en Madrid e o seu ámbito esténdese a todo o territorio nacional. Ademais da súa sede central, onde radicará a Dirección do Instituto, está integrado por tres departamentos, que radican respectivamente en Madrid, Barcelona e Sevilla, e unha delegación do departamento de Sevilla en Santa Cruz de Tenerife.

2. Corresponde ao departamento de Madrid exercer as funcións que lle son propias no territorio a que se estende a xurisdición dos tribunais superiores de Xustiza de Asturias, Cantabria, Castilla y León, Castilla-La Mancha, Galicia, Madrid, Rexión de Murcia, País Vasco e La Rioja.

3. Corresponde ao departamento de Barcelona exercer as funcións que lle son propias no territorio a que se estende a xurisdición dos tribunais superiores de Xustiza de Aragón, Illes Balears, Cataluña, Navarra e Comunidade Valenciana.

4. Corresponde ao departamento de Sevilla exercer as funcións que lle son propias no territorio a que se estende a xurisdición dos tribunais superiores de Xustiza de Andalucía, Ceuta e Melilla, Canarias e Extremadura.

5. Esta distribución territorial respecto aos departamentos realízase para os únicos efectos prácticos organizativos de distribución do traballo. Non obstante, por necesidades do servizo, a Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza poderá acordar que calquera dos departamentos exerza transitoriamente funcións correspondentes a outro departamento, polo tempo que se determine.

6. Os departamentos colaborarán entre si e cos institutos de Medicina Legal na realización dos traballos que lles sexan encomendados, establecendo criterios de unificación de métodos, técnicas e procedementos nas materias propias da súa competencia.»

Tres. Modifícase o artigo 5, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. *Servizos.*

1. Da Dirección do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses dependerá o Servizo de Información Toxicolóxica.

2. Cada departamento contará cos servizos de Bioloxía, Histopatoloxía, Valoración Toxicolóxica e Ambiente, Garantía de Calidade, e Química e Drogas. No departamento de Madrid, este último estará desdoblado nun Servizo de Química e outro de Drogas. Ademais, nese departamento existirá un Servizo de Criminalística.»

Catro. Modifícase o artigo 7, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Dirección do Instituto.*

1. A Dirección do Instituto terá a súa sede en Madrid.

2. A Dirección do Instituto será provista polo sistema de libre designación, mediante convocatoria pública en que poderán participar facultativos do Instituto, médicos forenses e funcionarios do subgrupo A1 ou asimilado en servizo activo, sempre que estes últimos estean en posesión dalgunha das titulacións polas cales se pode acceder ao corpo de facultativos do Instituto e acrediten experiencia nalgunha das súas áreas.

3. Corresponden á Dirección do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses as seguintes funcións:

- a) Desempeñar a representación do Instituto.
- b) A coordinación científica e técnica dos departamentos e dos servizos, así como supervisar o seu funcionamento.
- c) Elaborar e elevar ao Ministerio de Xustiza o plan de actuación anual e organización do Instituto en colaboración cos directores de departamento e da delegación.
- d) Manter a debida relación coa Dirección dos institutos de Medicina Legal.
- e) Realizar a inspección periódica dos departamentos e da delegación.
- f) Propor ao Ministerio de Xustiza a modificación da relación de postos de traballo do Instituto.
- g) Promover, executar e avaliar os proxectos establecidos nos plans de actuación e de investigación do Instituto.
- h) Impulsar o sistema de xestión da calidade do Instituto e velar polo cumprimento das normas de calidade.
- i) Elevar ao Ministerio de Xustiza os métodos e procedementos analíticos normalizados polo Instituto para o seu recoñecemento oficial.
- j) Propor ao Ministerio de Xustiza a adquisición de medios materiais e a realización de obras.
- k) Elaborar a proposta de anteproxecto de orzamento anual do Instituto.
- l) Establecer os criterios da memoria anual e elevala ao Ministerio de Xustiza.
- m) Elevar ao Ministerio de Xustiza o plan de investigación.
- n) Manter a debida relación cos órganos competentes do Ministerio de Xustiza en materia de formación.
- o) Propor ao Ministerio de Xustiza os convenios a que se refire o artigo 2, alínea c), que sexan de interese para o Instituto.
- p) Solicitar datos da dirección dos departamentos ou delegación e elaborar os informes sobre o funcionamento do Instituto que solicite o Ministerio de Xustiza.
- q) Calquera outra de análoga consideración ás anteriores, precisa para a correcta dirección e funcionamento de calquera dos departamentos, delegación e servizos que integran o Instituto.

4. Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa que desempeña a Dirección do Instituto, asumirá as súas funcións a persoa que desempeña a dirección do departamento de Madrid.»

Cinco. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 10, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 10. *A Comisión de Coordinación.*

1. A Comisión de Coordinación do Instituto estará integrada pola Dirección do Instituto que a presidirá, as direccións dos departamentos e da delegación e un representante do Ministerio de Xustiza, designado pola Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza. Así mesmo, en función dos temas que se vaian tratar, a Dirección poderá convocar calquera persoal do Instituto.

Reunirase coa periodicidade necesaria para o cumprimento das súas funcións e, de ser o caso, por proposta de calquera dos seus membros.

2. As funcións da Comisión de Coordinación serán as seguintes:

a) Colaborar na coordinación da actividade dos departamentos e da delegación do Instituto, con especial atención ao sistema de xestión de calidade.

b) Emitir informe sobre as propostas dos directores dos departamentos e da delegación realizadas á Dirección do Instituto, en relación cos métodos e procedementos analíticos normalizados ou validados polo Instituto para o seu recoñecemento como método oficial.

c) Elaborar a proposta de formación do Instituto.

d) Elaborar a memoria anual de acordo cos criterios establecidos pola Dirección.

e) Colaborar coa Dirección na elaboración dos plans de actuación e de investigación do Instituto, así como das propostas de modificación das relacións de postos de traballo, do anteproxecto de orzamento anual e da adquisición de medios materiais e realización de obras do Instituto.»

Seis. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 12, que quedarán redactados nos seguintes termos, respectivamente:

«Artigo 12. *Persoal do Instituto.*

1. Prestará servizo no Instituto o seguinte persoal funcionario:

a) Facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

b) Médicos forenses.

c) Técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

d) Axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

e) Persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, así como doutras administracións públicas, nas condicións e cos requisitos que se establezan nas correspondentes relacións de postos de traballo.»

«4. Igualmente, no Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses poderán prestar servizo, de ser o caso, profesionais ou outro persoal para a realización de actividades propias de oficios ou de carácter instrumental, contratados en réxime laboral.»

Sete. Modifícase o artigo 13, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 13. *Servizos administrativos.*

Para o seu funcionamento o Instituto contará co persoal de apoio necesario que se estableza nas relacións de postos de traballo, para realizar funcións técnicas e administrativas de xestión económica, de persoal, de obras, de sistemas informáticos e de comunicación e outras análogas.»

Oito. Modifícase o punto 2 do artigo 20, que quedará redactado nos seguintes termos:

«2. Os informes redactados e asinados quen os realizase e, ademais, contarán coa sinatura do xefe de servizo e co visto e prace da dirección correspondente, que os remitirá ao órgano ou persoa solicitante. En casos xustificadas de ausencia ou necesidades do servizo, a dirección do departamento ou delegación poderá designar os facultativos do respectivo servizo para colaborar ou substituír o xefe de servizo nesta función.»

Nove. Modifícase o punto 1 do artigo 23 co seguinte teor:

«1. Asesorará o Ministerio de Xustiza e contribuirá á formación continuada, dos facultativos, médicos forenses, técnicos especialistas de laboratorio, axudantes de laboratorio e demais persoal.»

Dez. Engádeselle unha disposición adicional única ao regulamento.

«Disposición adicional única. *Cambio de denominación do Instituto de Toxicoloxía.*

Calquera referencia que as normas vixentes fagan ao Instituto de Toxicoloxía entenderanse feitas ao Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 386/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos institutos de Medicina Legal, respecto á estrutura dos institutos de Medicina Legal de Ceuta e Melilla.*

A disposición adicional única do Regulamento dos institutos de Medicina Legal, aprobado polo Real decreto 386/1996, do 1 de marzo, pasa a ser a disposición adicional primeira e engádesse en tal regulamento unha disposición adicional segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Institutos de Medicina Legal nas cidades de Ceuta e Melilla.*

De acordo co establecido no número 3 do artigo 2 deste regulamento, poderase crear un Instituto de Medicina Legal en cada unha das cidades de Ceuta e Melilla, cuxa estrutura orgánica mínima consistirá na Dirección do Instituto e no consello de dirección, do que formarán parte todos os médicos forenses. Contarán co persoal administrativo que, de ser o caso, se estableza nas relacións de postos de traballo. A normativa deste regulamento aplicarase na medida en que se adapte a esta estrutura.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.*

Engádesse no Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, unha nova disposición adicional terceira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Destino dos médicos forenses e facultativos tras o seu cesamento en cargos de libre designación nun instituto de Medicina Legal ou no Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.*

Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria sétima, os directores e subdirectores de institutos de Medicina Legal ou os directores, incluíndo os de departamento e delegación, do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias

Forenses que cesasen no seu cargo, desempeñado con carácter definitivo, serán adscritos provisionalmente a unha praza vacante xenérica na sede do Instituto onde prestaban servizos, e deberán participar no primeiro concurso de traslados en que se oferten prazas na dita sede. Neste concurso gozarán de preferencia para ocupar as vacantes de carácter xenérico.»

Disposición derogatoria única.

1. Derróganse os artigos 46, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58 e 59 e os parágrafos primeiro e segundo do artigo 60 do Decreto 1789/1967, do 13 de xullo, polo que se reorganiza o Instituto Nacional de Toxicología.

2. Derrógase o punto 3 do artigo 23 do Real decreto 862/1998, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Instituto Nacional de Toxicología e Ciencias Forenses, sobre distribución de substancias patrón e de referencia.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.5.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. Habilitación.

Facúltanse os titulares dos ministerios de Xustiza e de Facenda e Administracións Públicas para ditar, no ámbito das súas competencias, as normas necesarias para o desenvolvemento, o cumprimento e a execución do disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de febreiro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Xustiza,
RAFAEL CATALÁ POLO